



PLAN DIXITAL

[IES Ánxel Fole]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: IES Ánxel Fole

Dirección: Angelo Colocci s/n 27003Lugo

Correo: ies.anxel.fole@edu.xunta.gal

Páxina web: IES Ánxel Fole

Etapas educativas: ESO y BACHARELATO

Número de alumnado no curso 2021/22: 610

Número de profesorado no curso 2021/22: 64

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

➤ Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro :

Nesta última década houbo un importante crecemento demográfico na zona coa construción de numerosas vivendas, o que fixo que se asentasen moitos matrimonios xoves, o que leva a que exista unha gran poboación en idade escolar.

A maioría dos habitantes da zona son de clase media e media-baixa, quedando aínda pequenos vestixios da zona rural que foi en anos anteriores. Aínda hai tramos sen desenvolver urbanisticamente mesmo nos arredores do centro e en canto a dotacións ten un Pavillón deportivo municipal pegado ao Centro, insuficiente para as necesidades deportivas da zona, así como o parque público “A Milagrosa” con piscinas cubertas e descubertas e pistas deportivas descubertas. Tamén carece de Biblioteca Pública, xa que a máis próxima atópase no Parque da Milagrosa.

O Centro conta con algún alumnado con familias desestruturadas e en situación socioeconómica desfavorecida, que adoitan presentar problemas educativos, algúns casos de absentismo escolar tramitados segundo protocolo, alumnado de etnia xitana (unha altísima porcentaxe non adoita rematar a ESO) e alumnado inmigrante en aumento que se incorporan ao Centro de xeito continuado ao longo do curso.

- O Plan Dixital pasará a formar parte do Proxecto Educativo do centro e potenciará os outros Plans nos que participa o centro: PLAMBE, E-DIXGAL, Club de Ciencia,..... e a solicitude do programa de polos creativos. Terase en conta e condicionará a elaboración da Programación Xeral do curso 2022-2023.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos

centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

No noso centro a línea de formación para a realización do Plan Dixital ten unha gran acollida entre os membros do claustro.

Cando se indica dende o equipo Adix, actívase a ferramenta SELFIE no que se inclúen as 5 preguntas específicas propostas polo equipo Adix.

Realízase unha primeira reunión co equipo que consta de dúas partes:

Una primeira para aqueles que aínda non fixeran o test SELFIE ou se apotasen con dificultades para facelo, poidesen realizar a enquisa SELFIE no centro co apoio da Coordinadora do Plan Dixital. É outra a continuación para trazar as formas e os ritmos de traballo a seguir.

Cómo un primer momento non había constancia de que fora a haber formación, decídese investir as 6 horas de docencia en formación relacionada ca EDUCACIÓN DIXITAL. Acórdase facer sesións de 2 horas cos seguintes temas

- ➔ ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL (12/01/22)
- ➔ SEGURIDADE EN CONTORNAS DIXITAIS (26/01/22)
- ➔ LEXISLACIÓN BÁSICA EN CONTORNAS EDUCATIVAS (02/02/22)

Cos resultados da enquisa SELFIE elabórase o INFORME DE CENTRO SELFIE e entrégase aos Mentores Adix.

A mediados de febreiro os docentes realizan o Test de Competencia Dixital Docente (CDD). O informe grupal do testCDD é entregado ao equipo Adix.

A partir de marzo acelérase todo o proceso e somos convocados a una sesión de docencia por parte do equipo Adix para darnos as pautas para a elaboración do DAFO

Despois da formación dase un prazo para que os compañeiros/as elixan, a partir do informe SELFIE os items que consideran oportunos incluír no DAFO. Para elo facilítase, na aula de profesores una copia de dito informe e un tabión con posits para que todo o profesorado (non só os membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital) poida aportar as súas ideas e opinión.

O 6/4/22 xúntase os membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital por videoconferencia e entre as propostas dos participantes selecciónanse os items e se redacta o DAFO. Que é entregado ao equipo Adix.

Despóis de Semana Santa se imparte unha nova sesión de docencia por parte do equipo Adix no que se dan as pautas para a elaboración do Plan de Acción.

Tras deixar uns días para que os participantes mediten sobre qué líneas de acción convén traballar, realízase unha nova xuntanza, tamén por videoconferencia, para redactar o Plan de Acción. Que tras ser aprobado por todos os asistentes é presentado á mentora Adix.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

→ **Infraestrutura dixital do centro:**

Por infraestrutura dixital enténdese o conxunto de actuacións impulsadas pola administración para dotar aos centros educativos públicos das condicións de conectividade tanto internas como externas, necesarias para o desenvolvemento do seu labor, nomeadamente:

- Infraestrutura de datos (conectividade a internet): Ancho de banda de 200MB
- Infraestrutura de voz (telefonía): Contrato con Movistar xestionado pola da Consellería de Educación. Consistie en 7 líneas con posibilidade de comunicarse entre elas. Las líneas corresponden a:
 - Conserxería
 - Dirección
 - Xefatura de Estudos
 - Secretaría
 - Departamento de Orientación
 - Secretario
 - Terminal inalámbrico
- Conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede:
 - Conexión inalámbrica: Só no edificio principal. Non hay conexión wifi na Aula de Tecnoloxía, Ximnasio nin na Aula de Usos Múltiples (onde tamén teñen lugar algunhas clases).
 - Conexión cableada: Na Aula de Tecnoloxía o Aula Usos Múltiples temos conexión por cable porque se tirou un cable dende o edificio principal pero non hai rede Edixgal

→ **Equipamento dispoñible**


- ▷ **aulas dixitalizadas:** 28 (das cales 23 teñen ordenadores do ano 2015 ou anterior) e 5 dispoñen de equipos portátiles
- ▷ **aula de Tecnoloxía** os postos de traballo a disposición dos alumnos (9) son de outros centros que os án tirar e aproveitámoslos pero en realidade non se usan polas grandes deficiencias que teñen
- ▷ **proxecto E-Dixgal:** dende 1ºESO ata 4ª da ESO 440 equipos para o alumnado
- ▷ **equipos de xestión e administración:** 6 postos de traballo (4 dirección, 2 secretaría anos 2012/14)
- ▷ **biblioteca:** 2 equipos (un do ano 2007), para xestión de catalogación de libros, prestamos etc. 4 equipos portátiles para consulta do alumnado
- ▷ **sala de profesorado:** 4 postos de traballo (3 equipos de sobremesa do ano 2007 e un aínda máis antigo)
- ▷ **departamentos:** 10 equipos nos departamentos o máis antigo é do ano 2007.
- ▷ **equipos ultraportátiles para aula móbil:** 27 pero o router está caducado.
- ▷ **aulas de informática:** Dúas aulas de informática

- **INFO 1:** 21 equipos de sobremesa 16 son do lote XUGA 2007 (4 non funcionan e estamos a esperar substitucións) e 4 son aínda máis antigos (Destes 3 non funcionan). Polo que quedan 13 equipos XUGA operativos.
 - **INFO 2:** 17 equipos de sobremesa . Un anterior ao ano 2016
 - ▷ dotacións para proxectos específicos: pendente da resolución de Polos Creativos
- **Servizos dixitais educativos:** páxina web do centro, aula virtual, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil.
- **Xestión do mantemento do equipamento do centro.** UAC a través da empresa Plexus e no caso concreto dos terminais Edixgal mediante o servizo Premium da Xunta e para problemas menores colaboración dalguns membros da comunidade educativa (coordinadora edixgal, coordinadora abalar e conserxe do centro)
- **Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC** [Plan de continxencia](#)


2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

resumo das áreas do informe SELFIE para ESO:



resumo das áreas do informe SELFIE para BACHARELATO:



Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	29	44	65,9
PROVISIONAL	7	12	58,3
INTERINO	8	8	100
SUBSTITUTO	3	6	50
DESPRAZADO	1	1	100

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
73	Integrador/a (B1)	76,3	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	74,3	Integrador/a (B1)	79,3	Integrador/a (B1)
BAC	70	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	4,2
A2	23	47,9
B1	12	25
B2	7	14,6
C1	3	6,3
C2	1	2,1
TOTAL	48	100

Outras fontes: A experiencia dos/as docentes do centro

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Dispositivos dixitais para o aprendizaxe e para o alumnado da ESO (Plan Edixgal) (C8, C10)	Non están actualizados os equipamentos e as redes (os ordenadores para o profesorado nas aulas incluída a aula de informática (1), xa son moi obsoletos (2006) e dan problemas. E os ordenadores que se estropean no se substitúen nin nos está permitido comprar outros cos cartos do centro). (C1) Faltan dispositivos dixitais para o aprendizaxe e para o alumnado de BAC (C8, C10) Faltan equipos informáticos para una implantación dixital eficaz no centro (departamentos, aula de tecnoloxía, biblioteca, sala de profesores, tabletas gráficas para o profesorado). Faltan puntos de recarga (enchufes) para os dispositivos portátiles do alumnado na aula
	PERSONAL DOCENTE	Utilízanse recursos educativos abertos (máis na ESO que en BAC) (E5) Fomentase a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais. (F6) <i>Máis na ESO aínda que a percepción dos alumnos/as es máis optimista que a dos profes</i> Utilízanse tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado. ESO (G1) Facilítase ao alumnado tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe ESO (G8)	Insuficiente tempo para que os docentes poidan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital. (A4) Utilízanse pouco as tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado. BAC (G1) Non se utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe. (G5) Non se utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos demais. (G6) Non se facilita ao alumnado tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe BAC (G8) Existen dificultades para medir as capacidades do alumnado desenvolvidas fóra do centro (G10) Hai profesorado que nas súas casas non dispón dunha conexión fiable e forte a rede. (C3)
	PERSONAL NON DOCENTE	Actitude positiva de axuda e apoio, moito máis aló do que lles Correspondería	Equipos informáticos obsoletos (10/8años) (C1)
	ALUMNADO	O alumnado percibe que ten habilidades dixitais para as diferentes materias (máis o alumnado da ESO que o de BAC) O profesorado coincide máis ca percepción do alumnado de BAC (H10) O alumnado aprende a comprobar si a información que atopa en internet é fiable e precisa (H4) <i>O profesorado non está de acordo con esa percepción.</i> O alumnado aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet (H6) <i>O profesorado non está de acordo con esa percepción.</i> O alumnado aprende a crear contidos dixitais de xeito responsable e hábil e a comunicarse usando tecnoloxías dixitais na ESO. (H7)	Percepción dos dispositivos dixitais máis ben como una ferramenta de ocio (fora do centro a tecnoloxía utilízase máis para o ocio que para o aprendizaxe aínda que sí para a realización das tarefas escolares -sobretudo na ESO-). Na aula os ordenadores son fonte de distraccións de difícil supervisión polo profesorado debido o elevado ratio de alumnos/as por aula (este problema verase acentuado cando voltemos os ratios prepandemia) O alumnado non aprende a crear contidos dixitais nin a comunicarse usando tecnoloxías dixitais en BAC. (H7) O alumnado non aprende a codificar ou programar nin a resolver problemas técnicos que xorden ao utilizar tecnoloxías dixitais (H11, H13) Existen dificultades para medir as capacidades do alumnado desenvolvidas fóra do centro (G10) O alumnado sobretudo da ESO sintense máis cómodos

	Experiencia no emprego de plataformas educativas (Aula virtual, Edixgal) e outros recursos dixitais (Libros dixitais, Padlet, etc.) por parte do alumnado e profesorado de xeito colaborativo.	buscando información nos buscadores (Google) que acudiendo os recursos educativos propios do centro
FAMILIAS	Canles de comunicación fluida cas familias (PE 3/4)	
OFERTA	Participación en proxectos de intercambio con centros educativos da rede ETWINNING (B3, B4) Plan EdixGal (C5) Seccións Bilingües Participación en proxectosos maker	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Existen canles de comunicación entre as diferentes etapas do centro (B)	Non se contempla dentro do horario tempo adicado á comunicación (A5) Asistencia técnica insuficiente (fora do plan de Edixgal) para os equipos do centro. (C5) Insuficiente tempo para a xestión de repositorios propios e trasladar a aula os cambios metodolóxicos. (A4) Carecemos de espazos físicos que faciliten a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais sobretudo en BAC (C14)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Adhesión o Plan Edixgal (C5) Participación en espazos maker	<p>Insuficiente aporte económico para o mantemento, renovación e adquisición dos equipos informáticos necesarios para una implantación dixital eficaz no centro (Faltan ordenadores para o alumnado de BAC, para os departamentos, aula de tecnoloxía, biblioteca, sala de profesores, e os ordenadores para o profesorado nas aulas incluída a aula de informática (1), xa son moi obsoletos (2006) e dan problemas. E os ordenadores que se estropean no se substitúen nin nos está permitido comprar outros cos cartos do centro.</p> <p>Escasa formación dixital da administración educativa que impón un software (folla de cálculo) absolutamente inadecuado para a realización de taboas con textos (Para iso están os procesadores de texto). O software imposto ten moitas limitacións e entorpece o traballo dos docentes, xa de por sí moi sobrecargados de traballo, como para ter que perder o tempo co software inadecuado. Como se van promover as capacidades dixitais deste xeito?</p> <p>Sistema Operativo e navegadores impostos pola administración educativa dificultan o emprego de certos programas ou aplicacións informáticas por non ser compatibles ou mesmo impiden a execución de certos vídeos por considerar que teñen contidos "inadecuados" (Historia: Guerras, atentados, etc. Bioloxía: certas partes do corpo, un parto). E doutra banda as maquetas Abalar, e Edixgal incorporan xogos na súa configuración aos que acceden nas clases sen que o profesor/a o perciba, mesmo algúns son capaces saltar os sistemas de seguridade (a través da navegación en modo incógnito ou cerrando a sesión abalar e conectándose cos datos dos seus teléfonos) e acceder a páxinas de xogos ou mesmo de contidos para adultos.</p> <p>Prazos moi precipitados para realizar un plan dixital ben pensado. Algunhas preguntas non eran entendibles por una gran parte do profesorado e do alumnado o que pode levar (e certamente levou) a conclusións equivocadas.</p> <p>Servicios dixitais descentralizados (Edixgal, Abalar, UAC)</p>
	LEXISLACIÓN		A hora de realizar a implantación do plan dixital (ou de calquera outro), os profesionais que as teñen que levar a práctica non se lles

	Os constantes cambios na lexislación educativa.	consulta sobre as posibilidades de execución desas reformas e rara vez se lles dan os medios para levalas a cabo de xeito eficaz. Excesiva burocracia e sobrecarga de traballo por ter que estar constantemente adaptando e cambiando... TODO. Aumento da complexidade dos informes, plans, etc. que se nos requiren e que restan tempo no noso traballo principal que se supón que é atender ao alumnado. Protección de datos: Moitos dos programas online esixen ter conta de google para acceder a eles. Deste xeito quedan expostos os datos persoais dos/as rapaces. Non é viable limitarse ao uso exclusivo das ferramentas proporcionadas pola administración.
CONTORNA	A dixitalización está en múltiples ámbitos (Sergas, Administración, Compras, Banca, Cultura, etc.)	
ANPA		
OUTRAS ENTIDADES	Participación en proxectos de intercambio con centros educativos da rede ETWINNING (B3, B4) Certas entidades propoñen obradoiros, xornadas, charlas sobre competencia dixital dirixidas a alumnos/as e/ou pais/nais.	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

1º Obxectivo do Plan de Acción. Táboa I

“Área/s de mellora”	A. Liderado				
OBXECTIVO (1)	(A4) Pór a disposición dos/as docentes tempo para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital: creación de repositorios propios e traslado de ditos cambios metodolóxicos á aula.				Acadado
					Non acadado
Responsable	Xefatura de Estudos, Claustro				
Indicador/es do OBXECTIVO (2)	O profesorado dispón de tempo no seu horario para explorar novas modalidades de ensino e crea repositorios propios que son trasladados á aula				
Valor de partida (3)	Non todo o profesorado ten unidades de aprendizaxe elaboradas na aula virtual (porcentaxe por determinar)				
Valor previsto (4)	10% máis de docentes teñen polo menos 1 unidade de aprendizaxe (curso moodle) na aula virtual / E-dixgal			Data (4)	Remate curso 2023/24
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	Responsables (6)	Data prevista fin (7)	Recursos necesarios (8)	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións (9)	Estado (10)
AO1.1: Contabilizar para cada profesor unha hora <u>lectiva</u> no seu horario destinada a elaborar material dixital	Consellería de Educación Inspección Educativa	Setembro 2022	Redución horaria		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Establecer o punto de partida mediante unha enquisa	Persoa responsable do Plan Dixital Equipo Directivo	1º Trimestre	Tecnoloxía dixital básica Grupo colaborativo de docentes		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: O profesorado elabora e	Docentes	3º Trimestre	Tecnoloxía dixital básica		Realizada

comparte contidos dixitais para a Aula Virtual/ Aula E-dixgal			Grupo colaborativo de docentes		Aprazada
					Pendente
A01.4: O profesorado traslada o seu traballo/contidos dixitais á aula e adopta cambios metodolóxicos na aula	Docentes	Curso 2023/24	Tecnoloxía dixital básica Infraestruturas e dispositivos dixitais axeitados nas aulas Grupo colaborativo de docentes		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A01.5: Solicitar participación na convocatoria de Polos Creativos para creación de contidos dixitais para alumnado emigrante ao que accederá dende a aula virtual do centro	Consellería de Educación Persoa responsable do Plan Dixital Equipo Directivo	Por determinar	Grupo colaborativo de docentes		Realizada
					Aprazada
					Pendente

2º Obxectivo do Plan de Acción. Táboall

“Área/s de mellora”	C. Infraestruturas e Equipos				
OBXECTIVO (1)	(C1) Incrementar do aporte económico para mantemento, renovación e adquisición de equipos informáticos e ampliación da rede WIFI E-dixgal (Aula de Tecnoloxía, Ximnansio e Aulas de Usos Múltiples). Mellorar as instalacións eléctricas para cargar os equipos na aula. Actualizar os dispositivos dixitais da aula INFO 1.				Acadado
					Non acadado
Responsable	Coordinadora Plan Dixital e Equipo Directivo				
Indicador/es do OBXECTIVO (2)	Aulas/espazos equipados. Instalacións melloradas/realizadas				
Valor de partida (3)	0 aulas cunha instalación eléctrica axeitada para cargar os equipos dos alumnos/as.				
Valor previsto (4)	Todas as aulas teñen una instalación axeitada para cargar os equipos. A conexión WIFI chega adecuadamente a todas as aulas e espazos do centro. 2 Aulas de informática con dispositivos dixitais actualizados.			Data (4)	Remate do curso 20022/23
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	Responsables (6)	Data prevista fin (7)	Recursos necesarios (8)	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións (9)	Estado (10)
AO2.1: Ubicación axeitada dos enchufes para que o ordenador da aula poida ser usado polo docente mentres imparte a clase	Consellería de Educación	2ª Avaliación	Orzamento para realizar/adaptar as instalacións eléctricas e de rede ás necesidades		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2: Mellora da instalacións eléctricas nas aulas da ESO para que o alumnado poida cargar os	Consellería de Educación	2ª Avaliación	Orzamento para axeitar as instalacións eléctricas das aulas da ESO ás necesidades		Realizada
					Aprazada

seus ordenadores.					Pendente
A02.3: Realizar unha lista/táboa indicando qué redes están dispoñibles en cada espazo do centro e os datos de acceso (nome, contrasinal) de cada unha.	Persoa responsable do Plan Dixital e Coordinadora E-dixgal	2ª Avaliación	Lápiz e papel Lista a disposición da comunidade educativa		Realizada
					Aprazada
					Pendente

3º Obxectivo do Plan de Acción. Táboa III

“Área/s de mellora”		H. Competencias Dixitais Do Alumnado			
OBXECTIVO (1)	(H3) Tratar de que o alumnado vexa o ordenador, non tanto como unha ferramenta de ocio, senon máis ben como un útil instrumento educativo.	Acadado			
		Non acadado			
Responsable	Equipo Directivo e Persoa responsable do Plan Dixital				
Indicador/es do OBXECTIVO (2)	Existencia dun plan de actuación de centro fronte ao uso inadecuado dos ordenadores por parte do alumnado				
Valor de partida (3)	Non hai un procedemento fronte ao uso inadecuado dos ordenadores por parte do alumnado				
Valor previsto (4)	Realizáronse as propostas SI/NON			Data (4)	Curso 2023/24
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	Responsables (6)	Data prevista fin (7)	Recursos necesarios (8)	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións (9)	Estado (10)
A03.1: Colocación de forma experimental (aulas de informática) dun espello na parte superior traseira das aulas para ver as pantallas dos ordenadores dos alumnos/as e así saber se están a seguir as clases.	Equipo Directivo e Persoa responsable do Plan Dixital	1º Trimestre	Orzamento Espello Carpinteiro		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A03.2: Realizar campañas/obradoiros de sensibilización para o alumnado de 1º e 2º ESO sobre o correcto	Departamento de actividades complementarias e extraescolares Titores/as	1º Trimestre	Conferenciante		Realizada
					Aprazada

uso dos equipos dixitais					Pendente
A03.3: Elaborar un protocolo de uso do ordenador na aula	Equipo Directivo e Persoa responsable do Plan Dixital	2º Trimestre	Grupo Colaborativo de docentes		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A03.4: Planificar unha charla para pais e nais de 1º e 2º ESO sobre esta problemática	Departamento de actividades complementarias e extraescolares AMPA	2º Trimestre	Conferenciante		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A03.5: Limitar os contidos dos ordenadores dos alumnos ás necesidades reais da docencia.	AMTEGA	Inicio do curso 2024/25	Equipo de informáticos		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A03.6: Estudar a posibilidade de configurar os ordenadores para que, mentres se atopen no centro, só se poidan conectar á rede WIFI do mesmo.	AMTEGA	Inicio do curso 2024/25	Equipo de informáticos		Realizada
					Aprazada
					Pendente

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Conseguir conexión WIFI na aula de Tecnoloxía, Ximnasio e Aula de Usos Múltiples
- Reubicación dos enchufes eléctricos e de rede axeitada para que o ordenador da aula poida ser usado polo docente mentres imparte a clase
- Mellora da instalacións eléctricas nas aulas da ESO para que o alumnado poida cargar os seus ordenadores.
- Ordenadores para 2ª aula informática (INFO 1) xa que os que temos son do ano 2007 ou anteriores e estanse a avariar arreo

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, farase como se indica a continuación:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a súa realización será unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

A difusión do Plan Dixital realizarase a través da páxina web do centro. <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesanxelfole/>